

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 181 — 15 MARZAL 1923

Honrando aos nosos mortos

No mes de Marzo, o pobo da Cruña en ofrenda de admiración e cariño que ao camiñar dos anos vaise facendo tradicional, acostuma a depositar frores nas campas onde repousan os restos do bardo Pondal, do rebelde Curros e do músico enxebre Chané. Este ano, como os anteriores, celebróuse tamén aquel acto piadoso.

A "Reunión de Artesanos", a popular entidade cruñesa, tocóulle este ano de orgaizar o acto e xá que a "Irmandade da Fala", cumprindo a obriga contraída en anos anteriores tiña mentes tamén de o facer, as dúas entidades, postas d'acordo como o ano derradeiro, levárono a cabo o domingo 11 do pasado.

O homenaxe d'este ano tivo unha novidade que se debe á nosa "Irmandade". Foi ela a de poñer do mesmo tempo coroas nas tumbas de Tettamancy, o home bó, o gran patriota que ensenounos en libros e folletos moitos episodios da historia patria, e de Adalid, o gran músico a quen Galicia non rendiu aínda o homenaxe debido. É outra variedade tivo o homenaxe, ésta debida á fatalidade, que fixo incluír na lista dos nosos mortos o nome escurecido e glorioso do gran Murguía.

O homenaxe foi, pois, a seis galegos ilustres que cada ún na súa faceta traballaron pol-a liberdade da Patria e a quenes ésta terá sempre en cariñosa e nobre recordación. Pondal, Curros, Chané, Murguía, Tettamancy e Adalid. Seis foros lumiosos na historia da nosa Galicia.

Dende agora o homenaxe será sempre aos seis.

Nós, os nacionalistas, herdeiros directos d'eles e continuadores da súa obra, teremos sempre no noso pensamento os seus nomes gloriosos e no altar da Patria xuramos xá cumprir o mandato que en vida nos fixeron. A labor por eles feita márcanos o camiño a seguir. E ademais do homenaxe que cada ún de nós rendímolles de cote no noso interno, unha vez ao ano, na compañía do pobo cruñés, rendirémolles o homenaxe público que como decimos quedou xá consagrado como tradicional. Unha vez ao ano visitaremos as súas tumbas e depositaremos n'elas unhas frores que sexan ofrenda de cariño e admiración a quen tanto nos honron.

¡Ogallá todol-os pobos da Terra que garden nos seus cimiterios os restos d'algún galego ilustre, imitaran o exemplo do da Cruña, e n'un día determinado fosen tamén en procesión solemne a colocar frores nas súas campas! Sería ésta a maneira de honrar a cantos en vida honráronnos. Nós quixeramos que isto non quedase sementes n'estas páxinas, senón que fose realizada ésta idea que á nós párecenos d'unha incluíbre obrigación. Recóllaa quen deba.

E denantes de dar remate a estas liñas para pasen a facer a reseña do homenaxe, queremos deixar aquí estampados os nomes para nós queridos e endexamais esquecidos de Xurxo Parga e Ricardo Carballal, aqueles dous xenerosos patriotas arrincados das nosas ringleiras pol-a traidora morte, e a quenes os seus irmáns da Cruña rendimos tamén un piadoso homenaxe ao mesmo tempo que o facíamos aos mortos ilustres. Carballal e Parga terán sempre un posto de honor na nosa Irmandade.

Repousen cal merecen todos eles namentras nós traballamos sen acougo por libertar á Terra que no seu seo amoroso acóchaos.

* * *

O acto de colocar coroas e frores nas campas de Murguía, Pondal, Curros, Chané, Tettamancy e Adalid, orgaizado pol-o "Circo" en colaboración co'a "Irmandade", resultou lucidísimo e verdadeiramente solemne.

As doce da mañán formóuse a comitiva no local do "Circo", na rua de San Andrés, camiñando hasta o cimiterio pol-as ruas de Castelar, Real, San Nicolás e Panadeiras.

Iba orgaizada do seguinte xeito: A cabeza da manifestación unha seición dos expropradores con ramos de frores, detrás un landó do Concello con frores e as coroas do "Circo" e logo a representación da "Irmandade", que compoñían mais de cincuenta irmáns co'a bandeira de seda e as seis coroas por ela ofrendadas que conducían doce irmáns. Entre esta representación iba tamén unha da "Irmandade Femenina". Seguían despois o coro "Cántigas da Terra" co seu estandarte e ramos de frores e o outro coro cruñés "Queixumes do Pinos" e despois representación do Concello, da "Academia Galega", do "Instituto de Estudos Gallegos" e d'outras entidades cruñesas, a directiva do "Circo" e numeroso público que uníuse á comitiva. Estaba moi ben orgaizada e con un silencio solemnisimo. O seu paso pol-as ruas foi presenciado por moita xente algunha da cal foise unindo a manifestación que ao chegar á necrópolis era numerosísima.

NO CIMITERIO

Ao chegar ao noso Camposanto, verdadeiramente santo para nós pol-os galegos ilustres que n'él durmen o derradeiro sono, era imposible dar un paso pol-o público enorme que n'él estaba congregado.

A comitiva foi directamente á sepultura de Curros, onde o presidente do "Circo", Sr. González Villar, pronunciou unhas breves pero moi sentidas verbas. Despois dirixiuse ás de Murguía, Pondal, Chané, Adalid e Tettamancy e logo de colocar as coroas e frores nas súas sepulturas reuniuse no medio do cimiterio onde está colocada a cruz dos esquecidos e alí o noso querido irmán Lugois Freire dirixiu a

palabra á enorme multitude que alí apiñábase. Cantou a labor realizada pol-os mortos a quen se honraba e á liberdade da Terra. Aconsellou que se continuase a labor por eles deixada e gabou ao pobo cruñés pol-o acto que realiza todol-os anos. Rematou dando as gracias a cantos contribuíron para a maior solemnidade do acto. O irmán Lugrís foi moi felicitado. Ao rematar él de falar, os coros, os rapaces da "Irmandade" e unha gran parte do público entonaron solemnemente o Hino Galego, que foi escoitado con relixioso silencio.

NO CIMITERIO CIVIL

Ao rematar o acto anterior, xuntáronse todol-os nacionalistas e foron ao cimiterio civil a depositar frores nas campas onde repousan os nosos chorados e inesquencidos irmán Xorxe Parga e Ricardo Carballal. Lugrís dixo unhas verbas de recordación a aqueles irmáns que foron escoitadas por todos con unha gran emoción. Despois de realizado este acto conmovedor retiráronse silenciosamente cantos a él asistiron e todos e cada ún verdadeiramente emocionados, saíron do cimiterio rezando interiormente unha oración patriótica pol-os queridos irmáns que a morte ao leval-os da nosa santa irmandade non conquiereu borrar-os do noso pensamento e do noso corazón.

E así deu remate o patriótico e solemne acto de honrar aos nosos mortos verificado o día 11 e que seguirase celebrando todol-os anos hasta consagral-o xa definitivamente.

Un retrato de Murguía

Ricardo Camino, o noso querido amigo e notabre pintor, acaba de facer un retrato do ilustre Murguía que temos ollado n'un comercio da rúa Real. Xá os xornás faláron d'él gabándoo canto é merescente e pouco mais temos nós que decir.

Camino puxo toda a súa alma de artista na súa derradeira obra que non temos incomente ningún en xuzgar de maxistral por todol-os aspectos. O parecido non pode ser mais exacto e mais aínda tendo en conta que foi feito por unha fotografía pequena do noso Patriarca.

Con esta nova obra ben a demostrar Camino todo o que vale. Indubidabremente que, a pesar dos seus poucos anos, non é Camino unha leda esperanza senón unha positiva realidade qu esi sigue traballando e estudando con todo o entusiasmo que hasta o de agora vetu facendo, poda ser, non moi tarde, unha indiscutible gloria de Galicia na arte que cultiva. Nós así creémolo sinceramente.

Non é o retrato de Murguía a primeira revelación do valer de Camino, pois xá anteriormente amostráronos varias, unha d'elas o retrato da Nosa Santa Rosalía, donado por él á "Irmandade da Fala" da Cruña, que ésta conserva como ouro en pano. Con esta nova produción ven a confirmar a prometedorá esperanza dos seus primeiros tempos e a consagrarse xa definitivamente.

Unha querendosa aperta e unha embora efusiva e cordial ao querido Camino a quen desexamos novos e grandes éxitos.

Fume vosté con papel

NOROESTE

Do Poeta da Raza

Galicia diante dos mártires de Sobredo

¡Nai galega que diche o sangue xenerosa
para calmar a sede rabiosa da Impiedade;
nos agros de Sobredo froreceu unha rosa!
¡Arde e sanguineta, agoira Libertade!

Son verbas de Dios mesmo
do Dios Todopodente;
¡Co suor da tua frente
Gañarás o teu pan!
¡Irmans! Erguede o berro
e o legón aferrade!
¡Galicia e Libertade
do Traballo e do Chán!

¡Galicia encadeada con ferros de Castela
por fillos traicioneiros e por caciques-lobos,
no teu ceo asnado hai unha nova estrela!
¡Arde e sanguineta, agoira o tempo novo!

¡Irmáns! Erguede o berro
de amor e santidad!
¡Galicia e Libertade
do Traballo e do Chán!
son verbas de Dios mesmo
do Dios Todopodente:
¡Co suor da tua frente
gañarás o teu pan!

Ramón Cabanillas.

NO ATENEO DE MADRID

Conferencias do irmán Viqueira

O Conselleiro primeiro da "Irmandade da Fala" da Cruña, noso querido e distinto irmán D. Xoán V. Viqueira, pronunciou no Ateneo madrileño cinco conferencias encol das direicións actúas da psicoloxía. As conferencias, interesantísimas, meresceren a gabanza da prensa madrileña e de cantos véñense adicando ao estudo do tema por Viqueira desenrolado, que é a primeira vez que, na forma que él o fixo, faise en Hespaña.

Debémonos aledar de que fose un nacionalista galego quen o fixo dando así unha proba do valer das nosas figuras principás.

A nosa embora ao irmán Viqueira.

Papel de fumar

NOROESTE

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

A do señor Castillo



Invitado pol-a Seición de Cultura e Fala, o día 2 pronunciou a terceira conferencia da serie por ela organizada, o noso distinto e estimado amigo D. Anxel del Castillo, culto e intelixente arqueólogo e Delegado Rexio de Bellas Artes. Falou encol de "A importancia da nosa riqueza monumental". Pol-o extenso da conferencia tivo que a dividir en dúas, pronunciando a segunda o día 9.

Na primeira, despois d'unhas elocuentes verbas con atinadas consideracións do noso irmán Peña Novo, o señor Castillo deu lectura á súa conferencia, que publicamos a continuación, de cuia importancia faceranse cargo os nosos lectores. Ao rematar de lér as cuartillas fixo un gran número de proxeccións de monumentos e edificios galegos prehistóricos, todas elas interesantísimas. Ao mesmo tempo iba explicando as características e datas de cada proxección. Na segunda sesión seguiu facendo proxeccións de castelos, pazos, mosteiros e eirexas algúns dos cales datan do século X.

As dúas sesións foron d'un carácter eminentemente práctico pol-a facil comprensión de canto dixo o Sr. Castillo, que unha vez máis demostrou a súa gran cultura e os seus profundos coñecementos na materia da súa interesantísima conferencia.

O numerosísimo público que concurriu aos dous actos ovacionou repetidas veces ao ilustrado conferenciante, que recibiu moitísimas felicitacións.

Nós, moi agradecidos ao querido amigo, enviámoslle tamén unha embora sincera e cordial que é tamén expresión do noso agradecemento e admiración.

A importancia da nosa riqueza monumental

Donas e señores:

Agradezo dende o fondo da miña y-alma as frases de agarimo con que a bondade do meu amigo Peña Novo me presentou ante vos, como entidade na que por vez primeira falo, e os aplausos, de xente amiga, con que recibides a quen, pra vos, non é un alleo que chega empuxado por

sentimentos ocultos, nin requerido pra que confese aqueles que, vergoñosamente, poidera levar baixo a capa con que moitos encubren o que non acertan a valorar, nin menos a despregar por bandeira, dando ao vento os ideais da terra.

As frores do meu xardín, poucas veces fermosas, veñen oxe máis probes que nunca, non porque a miña vontade non quixera traelas mellores, se non porque a terra que as produce non poido darlles aquela frescura y-aquela vida que pra sí quixera: fai tempo que as miñas dolencias veñen esbaíndo a saúde, que pra certos traballos moito se precisa, y-a fonda preocupación, que hei de confesar que teño, non me deixa o vagar que pra estas cousas se necesita.

Eu debéra n-esta ocasión non falar, xa que en realidade non podo facelo como quixera e merecedes; mais o agardar tempos mellores poidera tomarse por moitos como unha maneira de desfacerme de compromisos, pra min sagrados e collidos con todo aquel fogaxe que sempre puxen, e podo decilo ben alto, nas cousas que tanto afectan ao mellor coñecemento da nosa personalidade.

* * *

Pol-o tanto, comenzo.

Donas e señores: Que a miña presenza a ninguén extrañe; que inda que por vez primeira veño a falaros, non é culpa de quen parece que chega tarde, se non dos que entenderon que por non ser necesario, non chamaron nunca ás portas que sempre estiveron abertas a cantos defenden as ansias da terra.

E aquí me tedes. Sin licenzia de nadie, que nunca a pedín nin precisei pra falar na nosa lingua e, menos, pra traballar, c'o as miñas probes forzas no rexurdimento de Galicia, que é labore no que todos temol-o deber, e tamén o dereito, de poñel-o noso graño, sin que teña nadie a exclusiva, que algúns pretenden, de dar certas patentes e conceder certas licenzias que coído que moitos precisan, pol-o menos, pra falar, sin ferir, a santa memoria dos pasados.

E non diga nadie, reñindo, que o deber obriga á xente a se poñer na liña sen requerimento alleo, porque fai tempo que formo na dianteira, e somentres me reservo o dereito de escollel-a compañía que eu considero máis acertada e valente: que ven sabedes moitos os anos que con toda a miña vontade, se non sempre c'o mellor acerto, veño adicando os meus pequenos ratos de vagar a o coñecemento da miña terra, y-a divulgación d'aquelo que estimo que os demais teñen o deber de coñecer; bastantes máis, por certo, dos que levan algúns mocíños que chegan reempuxando, como si poideran conquistar os postos sin máis bagaxe que o desexo de chegar primeiro a onde somentres levan os traballos y-os anos: non as pernas lixeiras...

Eu ben quixera esta noite tratar certo asunto que fai tempo me preocupa: a nosa personalidade nos autores alleos. Mais n'esta ocasión non podo: lévanme todo o tempo, e inda outro me rouban, as miñas dolencias; pero xa virán momentos de vagar n'os que se poida estudar o asunto co aquela grandísima importancia que pra nós ten o coñecel-a visión que de Galicia teñen os alleos.

Mais non acougo si antes de explical-a miña lección práctica de arte que escollin para esta noite, e tendo en conta que falo por vez primeira n'unha entidade de aspiracións nazonalistas que, como "Irmandade" non é somentres da Cruña, se non de Galicia enteira, non digo algo do asunto.

Era costume noventa, inda non perdida pra moitos, que tiveran máis autoridade as verbas dos extranos que as d'os nosos escritores, que tiñan pra nós o lixo de ser nados na nosa terra... De este xeito fomos empobrecendo a nosa condición que, desprezada por nós mesmos, pouca

estima podía merecer dos alleos que, amantes da súa terra, entenden sempre por millor a súa raza. E c'ó a humildade deprimente e dexeneradora que foron adequerindo pouco a pouco as nosas xentes, foron outras erguéndose, e alongando a distancia a que logo nos vimos, con certo espanto, os que amantes da terra e concedores do valer da raza, coidamos que somentres nós podíamos haber chegado a saltárnos de tal xeito, pois de outras xentes non o consentía o instinto da raza.

Os tempos varían, e van lixeiros, e saben ben onde ívan. E así, o coñecemento que d'as cousas alleas foron conquirindo os que primeiro saliron do currunchido da nosa enfermiza humildade, deu valor ás propias, e empezáronse a estimar, medíndose, o valer e a significación de cantos forman a intelectualidade galega.

Inda queda algún que axiónllase axiña cando un alleo d' unhas verbas de nós, e hasta agradáce, con moita cortésia, a xusticia, que non se debe pedir nin ter como favore, se non reclamare como cousa obrigada que nadie pode negar sin recibirla sanción que por inxusto e desleigado mereza!

Somos, non hay que decilo a quen de sobra o sabe e defende, un pobo con total-as súas características. Temos raza propia, que sempre viviu e se formou no propio chan, temos lingua, arte, historia, tradicións... canto se necesita pra xustificar a nosa existencia. Nada ten de particular, pol-o tanto, que os escritores alleos, que buscan a beleza, a verdade histórica, e etnografía, etc., etc., veñan a nosa terra a estudialas. O que non pode consentirse é que o Estado, que tiraniza as personalidades históricas da península, mande certas embaxadas a estudial-as nosas cousas, sempre con medios sobrados que nunca encontramos os naturais, pra que logo poda decirse, feríndonos, que gracias a os alleos coñecemos o noso país.

Esta labore podría facerse cando as xentes fosen alleas a o coñecemento do seu pobo, cando non lles importase o coñecemento das súas cousas, cando os seus homes de cencia fosen tan escasos ou indiferentes á súa cultura que fose necesario o supliilos.

Pero hoxe, cando dentro das personalidades históricas que se desenvollen no Estado español, as xentes devéncense por coñecer canto a elas pertence, y-o espírito nazonalista, non xa como aspiración política, se non como razón histórica, inspira por necesidade cantos traballos tenden a coñecelas, esas embaxadas son unha ofensa a o patriotismo dos naturais, que non poden nin deben consentilas.

E vergoñoso que pra os estudos da nosa terra se manden pol-o Estado, ou pol-as institucións que de él dependen, xentes que non coñecen o noso país, que inda que a él veñan non o comprenden, e que o mais que poden facer é recolle-la bibliografía galega pra servirse, as mais das veces, de aqueles datos que podan xustificar os prexuícios formados onde non se nos coñece e mal se nos xuzga.

Recordo que cando se descubriu o poblado prehistórico do monte de Santa Tecla precindiuse dos homes que en Galicia veñen fai tempo investigando, por conta propia, a nosa prehistoria e o noso pasado.

Cando houbo que formal-o inventario artístico da provincia de Ourense, a necesidade de xustificar-as dietas mandounos para acá a certo periodista, o señor Cristóbal de Castro, que desconocendo hastra o asunto que se lle encomendaba, rogu á "Comisión de Moimentos" d'aquela provincia que lle dera os datos que tiña recollidos; e aqueles homes, tan boos, non souperon negarse, cumprindo como amigos, si os eran, pero faltando abertamente a o agarimo que a terra lles merecía. Así quedou sin facer, pero cobrado, o inventario monumental e artístico d'unha provincia tan importante como a de Ourense.

Fará dous anos, recorreron o noso país uns mocíños que viñan, tamén comisionados, a estudial-os camiños romanos que o atravesan. Eu non sei o que fixeron; pero podo deciros, porque o sei, que xentes de Lugo e de Santiago tiveron que leval-os como de a man por onde eles n'atinaban.

Certo escritor e arqueólogo, de bastante sona, que xa morreu, logrou do Goberno o encargo de estudial-a arquitectura militar da Edad Media en España, e necesitando coñecer-a de Galicia, estimou que non valía a pena de se movere de Madrid pra estudiala, ou pol-o menos pra cobrar pol-os seus traballos o que o Estado español lle concedese; e púxose a escribir cartas pedindo a cada ún dos que algo fixéramos, cantos planos, fotografías, dibuxos, datos, etc. tiñamos recollidos...

E necesario pechal-as portas a os alleos cando veñen con certas comisiós, pois si facilidades e boas acollidas deben facerse a todo o mundo, non poden sere nunca pra que logo resulte menosprezada a nosa cultura, que da canto pode a os que veñen á coñecela, inda que ela non encuentre nunca axuda cando a pide.

Porque, ademais, aparte de aqueles estudos, certos, de verdadeiro valore, que algús, extranxeiros sobre todo, viñeron a facer á nosa terra (e lémbrome agora do profesor de Historia do Arte na Universidade de Pensilvania Miss Georgiana Goddard King, que veu a Galicia a estudiala, recorrendo o vello camiño francés das peregrinacións compostelás, e publicando traballos de moitísima importancia pra nós, inda que o algueireiro patriotismo de moitos, de mais cascabeles que enxundia non-os coñoza), os mais non son outra cousa que robos, disfrazados das obras publicadas pol-os nosos escritores.

E comprendéranos; porque moitas veces, por desconocemento da nosa psicoloxía, e por non compenetrados co noso carácter, inda que a personalidade dos escritores alleos esté no cume, os seus traballos non poden admitirse pol-a finalidade que teñen, nin prestan servició ningún ás aspiracións lexítimas da nosa cultura.

E pra que veades que é certo o que digo, escoitade.

O ilustre catedrático Sr. Gómez Moreno, un dos homes mais coñecedores do arte en España, publicou non foi moito unha obra notabilísima acerca das "Iglesias mozárabes", froito de traballos persoas, que levou a coñecencia e visitando os moimentos pra poder falar de eles con autoridade e por conta propia.

Divide a súa obra en capítulos, que eu digo xeográficos por canto os adica a Andalucía, Toledo, Aragón, Cataluña, Asturias, Galicia, Portugal, León e Castela. Non atende, pol-o tanto, a razóns históricas nin ás que poideran derivarse das diversas escolas ou estilos. Pois ben; falando da nosa arquitectura dos séculos IX e X, ocúpase da "Pobreza monumental" (así comenza o capítulo) da nosa terra, decindo que o arte galego de estes séculos foi "pobre e anodino" poñendo como proba de estas afirmacións as pequenas capelas de Samos, de época dudosa, e que teño pra mín que non coñece, e a do Abade Franquila, xa en ruínas, preto do vello mosteiro de Ribas de Sil; pero sustraendo do capítulo os moimentos notables da nosa terra, como son as eirexas de San Miguel de Celanova e de Vilanova dos Infantes, xa derruída, que incluye no de León a pretexto de que son "de estilo mozárabe leonés".

E pra que se vexa a pouca coñecencia que ten da nosa personalidade, e o que a terra de León lle preocupa, deixando con esto en gran parte sin valor a clasificación que establece, direivos que no capítulo "Preseas eclesiásticas" da mesma obra, publica unha nota dos inventarios de eirexas que coñece en "terra leonesa"; fixarvos ben, y-entre

elas menciona as nosas de Almerezo, Mezonzo, Friolfe, Picosagro, Samos, Celanova, Sobrado, Callobre, Lalin, Curtis, Lourenzana, etc., etc., hasta *vintecatiro*, das cincuenta e seis que publica, incluíndo as catedraes de Ourense, Lugo e Santiago, tomadol-os mais, da obra do noso López Ferreiro, que tanto traballou pol-o coñecemento do noso pasado.

Eu quero ben, y-admiro canto o merece, ao Sr. Gómez Moreno; pero doime, e non podó pasar sin a miña censura, que tan ás lixeiras xuzgue as cousas da miña terra.

E non creádes que de intento se fala deste xeito para aldraxe da nosa cultura, pois mais adiante, facendo a debida distinción de pobos, nos fala "do luxo e refinamento" da sociedade leonesa e galega no século X, a xuzgar pol-as "series de obxetos preciosos e ricos" que figuran nos inventarios da época, reconecendo que as mais ricas e numerosas "consignanse en Galicia" dende o comenzo de aquel século.

E decir, que desconecendo, y-é desconocer n-estes tempos, a persoalidade histórica da nosa terra, somentres dan con ela os autores alleos, cando os nosos traballos, ben maduros, a mostran e a impoñe nno mundo da ciencia ou das letras.

¡Vede canto nos importa estudial-as nosas cousas, e publical-as, pra que todo o mundo se entere!

O ilustre Lampérez, por desgracia pra a cultura de España morto fai unhos días, que tanto traballou pol-o mellor coñecemento da arquitectura española, y-a quen debemos algús traballos encol dos moimentos galegos, que tratou sempre con moito agarimo, entre eles, un das nosas catedraes, outros de eirexas tan conocidas pra nós como as de Cambre y-Espenuca e, sobre todo, o interesante do paazo episcopal de Compostela (ao que se debe, non as primeiras noticias, que déronnas xa os nosos escritores López Ferreiro e Murguía, se non os consellos para o descubrimento de este vello e sonado moimento), tamén ás veces torceu de camiño, desconecendo, quizais pol-a falta de certos estudos, as nosas características xeográfico-históricas, pois só así poidó decire, sentindo como él sentía agarimo pol-a nosa terra, a o estudiare os castelos-abadias que do século once a o trece érguense na vertente navarro-aragonesa-catalán, que si o non habelos en Galicia, Asturias e provincias vascas sería debido a o "atraso" de estas rexións, onde só brillaban algunhas lumieiras "aisladas" en Samos, en Celanova o en Liébana, "sincrónico", dí, c'o estado próspero da cultura monacal pirenaica; cando precisamente os séculos once, doce e trece foron pra Galicia, como sabedes, os tempos dourados da nosa historia e da nosa persoalidade, aqueles en que se ergueron as nosas catedraes e se formou a escola compostelán de arquitectura, en que floreceu a nosa lírica e tomou forma o noso idioma, en que se escribíron a Compostelana y-o Calixtino, en que se cubriron as nosas terras dos grandes mosteiros da orden de Cister y-erguéronse os principaes castelos que souperon defendel-a integridade da patria contra os normandos y-os árabes, os séculos das grandes peregrinacións, da formación da nosa marina, que logo dixeron castelán, os séculos do Condado e do Reino de Galicia, os séculos dos Borgoñas, de Diego Xelmírez, do Conde de Trava, do noso Rey Alfonso VII, os séculos da nosa raza.

Inda mais. No discurso con que foi recibido na "Real Academia de Bellas Artes" tratou admirablemente, con o certo que a sua ilustre persoalidade podía facelo de "Las ciudades españolas y su arquitectura municipal al finalizar la Edad Media" e ao falare dos encontros mais ou menos agradables y-emocionantes que se tiñan nos camiños, díxó que ás veces os entorpecían "abundantes bandas de malhechores, ora aristocráticos como aquel Conde Mu-

nio Peláez que hizo de su castillo de Iso, en Galicia, centro de bandidaje".

¡O Conde Munio Peláez, foraxido de camiños...! ¿Sabedes quen foi este personaxe? Un xenro do célebre Conde de Galicia D. Pedro Froilaz de Trava, o tutor do Emperadore Alfonso VII, nado, como saberes, n'esta terra y-educado no seu paazo; e foi o Conde Munio personaxe de tal sona, que formando na Corte de doña Urraca, salíu garante da sua veleteira "palabra" cando a Reina o precizou; y-en certa ocasión, con outros nobles galegos defendeuna contra o seu home, D. Alfonso de Aragón, nas loitas políticas que con él houbo; e por defendel-o partido do seu fillo, que era o partido da nosa terra, cando solemnemente foi proclamado en Santiago Rey de Galicia, foi preso con cadeas por doña Urraca; e por non querer reconocer por Gobernador da nosa terra a o Arzobispo Xelmírez, en certos días azarosos pra Galicia, este derriboulle o seu castelo de Iso, matándolle a xente e xustificándose na "Historia Compostelán" do feito, decindo que dende alí desvalixaba ás xentes que pra Compostela camiñaban... E por non tere nós feito as biografías dos nosos grandes homes, que desconecemos, ñorando tamén os feitos que ao immortalizalos foron pouco a pouco erguendo o edificio da nosa persoalidade, teñen ás veces os homes de ciencia, como lle pasou a Lampérez, que darlle creto a os relatos interesados e pouco imparciaes, como así me dixó cando privadamente lle advertín do seu erro.

Y-así aparece aldraxada, sin razón, a persoalidade ilustre do célebre Conde de Monterroso D. Munio Peláez, do que, por ter esquencido todo, hastra temos abandonado o seu sarteiro de pedra n'un curruñcho do claustro do vello mosteiro de Ferreira de Pallares, na provincia de Lugo.

Como él, agardan moitos que os amantes das glorias da terra, que non se lles vaya a forza y-o patriotismo en berros, capacitense pra as investigacións que tanto necesita o coñecemento da persoalidade histórica de Galicia.

Lafuente na sua "Historia de España" xuzgándo con moita lixereza e contradicións os feitos, pra nós tan interesantes e pra todos tan desconocidos, que se refieren á minoridade do noso Alfonso VII (do que conta que certo historiador extranxeiro díxo que "poseía en alto grado as cualidades d'un gran rey", chamándolle "sabio e prudente" e decindo "que gobernou a seus súbditos con dulzura e bondade"), quizais por falta de certos estudos de crítica histórica, que inda non se fixéron, a pesar de reconocere que a única bandeira inocente e pura que entón se erguera fora a de proclamalo rey de Galicia, dí que o "terno infante" a quen chama "órfano de Galicia" abandonáño da sua nai, foi arrancando dos brazos de "un tutor ambicioso" pol-as maus de "un rebelde atrevido". Así chama e xuzga a o célebre Conde de Trava, educador do príncipe, e a o famoso Arzobispo D. Diego Xelmírez que o coronou na Catedral de Compostela.

¿Qué podemos, pois, agardare dos escritores alleos, cando aqueles que están no cume da intelectualidade, por alexados de nós e pouco compenetrados c'o as ansias tradicionaes da nosa-terra tan pouco atinan c'o a verdade histórica?

E certo que eles, pol-a sua cultura, por vivire en centros onde os elementos de estudo y-as proteccióes oficiais non marran, encóntranse mais capacitados para certas investigacións; pero o desconocemento da psicloxía de razas, pra eles alleas, e da persoalidade dos pobos que queren coñocer, os leva a resultados moi lexanos da verdade, á que fan tanto mais daño canto mayor é a persoalidade que teñan.

A nosa Universidade de Santiago que, dependendo pol-a

cultura da terra, ven organizando cursos especiais sobre diversos coñecementos, acouilleu nas suas aulas a o doctor Obermaier, que no mes d'Outubre desenvolveu un curso de "Prehistoria" que pol-a autoridade do conferenciante tivo unha gran importancia. En dezaioito leccións déuno; adicando a derradeira por enteiro a Galicia.

O doctor Obermaier non coñeceu nosa terra hastra o vrao do ano derradeiro, que deu unha volta pol-a nosas cidades, visitando os seus museos, falando c'os amantes da nosa arqueoloxía, recollendo os folletos e revistas onde nós publicamos os nosos traballos, indo a ver algúns lugares xa coñecidos pol-a súa importancia arqueolóxica, como o célebre monte de Santa Tecla, e xa explorados pol-as nosas xentes, como o de Santa Eufemia de Loyos, etc., etc., sin que fixera, que eu sepa, ningún traballo de investigación personal, nin, menos, descubrimento algún, fora de aqueles que houbera feito nos impresos que aquí recolleu con todo interés.

Pois ben, o doctor Obermaier, cuxos coñecementos fondos na materia eu proclamaria solemnemente se de abondo non o estiveran xa proclamados e xustificados pol-os seus traballos, tivo que falar, como é natural, da nosa prehistoria, e por necesidade dixó algo de moito que aquí se leva investigado e dito, sin que as suas verbas chegasen a sere un lixeiro resumo de canto se leva estudado; sin duda pol-o desconocemento, hasta certo punto lóxico, dos moitos traballos feitos e publicados.

Esto non ten nada de particulare, inda que a Universidade pagara cinco mil pesetas pol-as dezaioito leccións, porque o talento do doctor Obermaier y-os profundos coñecimentos que ten, que me complazco en reconocer cumpridamente, non pode adiviñar o que de Galicia non tivo ocasión a coñecer.

Pero cando así se desconoce unha rexión, e n'ela non se fixo pol-a súa parte traballos de investigación que son os que dan autoridade pra falar, non hay dereito a decir, e menos dende as aulas da nosa Universidade ilustre, ferindo a cultura da nosa terra, que cando en Galicia se teñan xuntos os datos, pra cuya recolleita excitou a os estudantes, se podrá "comenzar" a exploración sistemática da prehistoria galega... E para final, por si esto era pouco, terminou o seu curso decindo que él "se congratularía de haber despertado, con sus conferencias, el interés de los tiempos prehistóricos en Galicia".

Estábamos, pol-o visto, agardando a que viñera o doctor Obermaier a aconsallarnos que estudiáramos a nosa prehistoria, cando él, por haber recollido hastra opinións, que pediu con moito interés, non desconoce os traballos de Saralegui, Villaamil y Castro, Maciñeira, D. Santiago de la Iglesia, Vázquez Núñez, Alvarez Carballido, Mato Vizoso, D. Casto Sampedro, etc., etc., nin os meus, por canto admitiu na súa derradeira lección canto dixen, fai deza-sete anos, n'unha conferencia sobre "os castros".

E inda podía enterarse de mais, xa que vive na corte, que foi onde o soupe, y-é que o ano derradeiro, si mal non me lembro, a obra que máis votos tivo, despois da premiada, no concurso que a Real Academia da Historia fai todol-os anos pra otorgare o premio do Duque de Alba foi, precisamente, unha encol da nosa prehistoria, feita por un galego cuyo nome non o sei, aunque o adiviño.

Así pensan de nós os escritores alleos, d'os que en certa ocasión se dixó, por un rexionalista, corresponsal de un diario d'esta capital, recollendo as verbas d'unha conferencia que sobre cousas estudiadas e coñecidas de sobra pol-os nosos escritores, deu o ilustre catedrático da Universidad Central Sr. Bonilla San Martín, en Santiago de Compostela, que era unha vergoña "que cousas da nosa terra tuveran que vir a enseñal-as os de fora..."

¡Vergonza, é verdade, pero pra a xente que así desconoce e despreza a cultura propia, y-adula, y-arrástrase ante aquela que recolleron na nosa terra moitos d'os aíleos!

Eu sinto ás veces, y-hoxe máis que nunca, ter que sere tan duro nos xuícios con xente que vale, con xente que admiro, con xente que quero, con persoas que teñen n'o meu peito un currunchó; pero eu teño necesidade de defendel-a cultura da miña terra y-os homes que dentro d'ela devéncense por investigala.

Donas e señores: A revolución que a nosa terra precisa está pra nosos alqueireiros no trebón que todol-as iras desata e todol-os enconos liberta, pra derribare a cegas, pra que o sangue regue os campos verdes, pra que as concencias endurezanses como a man ateita ao traballo rudo: ben sei canto ás veces se precisa erguel-o brazo e ceihal-o puño, pero coído que non é a forza do golpe se non a razón que leve, o que mais fire a quen, cativo, ou a irritado. Pero penso pra min que a revolución que mais necesitamos é a que cada un de nós debe facer dentro da propia concencia, dentro da propia condición, capacitándose pra estudial-os problemas que encerra a nosa personalidade.

E moi fácil falar tan soo por sentimento e por aspiración das cousas e dos feitos da terra, corréndose o perigo de se equivocare si a pasión é o único resorte que move os impulsos do peito, facendo labor negativa, pechando de broza o camiño que logo hay que limpar antes de tomalo c'o paso firme e seguro de quen sabe a dónde vai. E necesario estudar antes, meditar moito o que se di, cando das nosas verbas pendura o millor coñecemento da nosa personalidade e o respecto a ela que de todos necesitamos e que a moitos impoñemos.

Facer alarde de agarimo a Galicia é, quizais, un d'os nosos defectos principais, pois non parece se non que a berros temos que demostralo; y-é no fondo do peito e da concencia onde se ha de ter pra ela os mais puros sentimentos, contraendo con nós o compromiso de defendela; pero enténdase que o primeiro que necesitamos é coñecela, investigala e desfacela de aquela ignorancia en que a teñen aprisionada os agarimos mal entendidos de algúns que coidan que con querela moito... alá, dentro, teñen camuñido.

Y-ahora que dixen canto quería, comenzo a miña lección práctica encol da importancia da nosa riqueza monumental.

Escoitade.

* * *

A continuación o Sr. Castillo comenzo a súa lección de arte explicando o concepto da prehistoria, falando dos moimentos de esta época en Galicia, como son as inscripcións rupestres, as mámoas, os castros e os poboados, deténdose a estudial-as casas primitivas, que comparou con as das citanias portuguesas e as actuais do Cebleiro, facendo numerosas proyeccións de planos, alzados e fotografías de as descubertas no monte de Santa Tecla, castros de Mondariz, etc.

O viernes seguinte continuou a súa conferencia o señor Castillo, falándonos do arte pre-románico e da importancia, hastra hoxe desconocida, que teñen pra nós as manifestacións artísticas dos séculos V ao X, léndonos unha relación das eirexas galegas que conservan capiteles, celosías, inscripcións, relieves, arcos, ventás e outros restos de ditos séculos, así como algúns dos nosos mosteiros que xa figuran n'eles, explicando, con proyeccións, as vellas eirexas de Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova, e facendo referencia aos sucesos que n'esa época preparan o rexurdimento que tivo máis tarde a nosa terra.

A o falar do estilo románico, que explicou con numerosas proyeccións, entre elas, ábsides, portadas, interiores, etcétera, das eirexas de Ferreira de Pantón, Cambre, Mosteiro de Ramirás, Aguas Santas, Xunqueira de Ambia, etc.,

detúvose na escola compostelán de arquitectura, fixando a súa cronoloxía e determinando as principais características, señalando algúns dos moimentos que dentro e fóra de Galicia as presentan, valéndose a o efecto da proyección da Catedral de Santiago, Pórtico da Gloria, Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense, claustro de Sar, xirola de Cambre, etc., sendo esta parte da súa conferencia unha das máis interesantes e que o numeroso público seguiu atentamente.

Falou tamén de aquelas eirrexas que mostran o estilo oxival en Galicia, explicando as razóns da pouca importancia que ten na nosa terra, proyectando, entre outras fotografías, unha da xirola da catedral de Lugo; e detúvose máis no renacemento, facendo proyeccións de algúns moimentos de esta época, entre elas unha espléndida colección do célebre mosteiro de Sobrado dos Monxes.

Explicou logo as características da nosa arquitectura civil, con proyeccións de castelos tan sonados como as Torres do Oeste, Vega de Valcárcel, Milmanda, Vilanova dos Infantes, Soutomayor, Doncos, etc.; pazos como o de Marqués de Villagarcía, casas señoriaes como a do Kial, etc.

E finalmente dixonos, pra concluir, algo de escultura, orfebrería e mobiliario litúrxico, facendo desfilar pola pantalla proyeccións de imaxes como o Santo Cristo de Vilanova dos Infantes, o de Sobrado e a Santa Xertrudis de Celanova; retablos como o Descendemento de Sobrado e os restos do que o noso escultor Ferreiro fixo pra o mesmo mosteiro; sillerías de coro, como as dúas de Celanova, e outras obras de arte como a cruz procesional do século XII de San Munio de Veiga, o cáliz do mesmo século, do Cebreiro, un cobre e un cuadro da Catedral de Mondoñedo, etc., etc.

* * *

Por este resumo e pol-o número das proyeccións feitas, entre as que hay fermosísimas, como o interior de Santa Comba de Bande, a vista panorámica do Castelo de Doncos e o retablo de Sobrado, pode xuzgarse da importancia que tiveron estas dúas conferencias.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Unha velada entretenida e interesante resultou a celebrada o domingo 4 no salón da "Irmandade". Foi representada a comedia en dous actos do finado escritor lucense Jesús Rodríguez López "O chufón". A obra, que é verdadeiramente cómica e que ten escenas d'unha gracia enorme, gustou extraordinariamente, sendo moi aprauidada a mesmo que os intérpretes que o fixeron moi ben, aínda a pesar da dificultade de algunhas escenas grandemente aparatosas. Distinguíronse principalmente as rapaciñas Rosa Martínez, Consuelo Varela e Rosario Igrexas, que unha vez máis demostraron as súas grandes condicións para a escena.

O público saíu moi satisfeito d'esta velada despois de pasar un rato agradabilísimo.

* * *

A repetición de "O chufón", feita o día 11, foi un éxito máis para a "Escola Dramática Galega".

O público saíu moi satisfeito e aplaudeu moito aos rapaces que a interpretaron.

LECTURAS

"El Cri de la Muntanya".—Valencia.

Recibimos con exactitude os números d'este boletín nacionalista-agrario valenciano. No número derradeiro publica varios orixinais adicados ao movemento nacionalista galego e copia varios publicados en A NOSA TERRA. Con motivo da morte do noso Murguía enviounos un cordial pésame aos nacionalistas de Galicia.

No número anterior ao falar dos movementos nacionalistas da Iberia adica unha gran parte do número para reseñar a actuación do nacionalismo galego no ano pasado.

Moito agradecemos aos irmáns de Valencia o cariño que nos demostran e correspondemos con eles do mesmo xeito. O nacionalismo valenciano interésanos fondamente e ollamos con gran interés o seu curso.

"L'Estevet".—Barcelona.

Temos comenzado a recibir este semanario nacionalista popular. Recibimos xá varios números. No do 2 de Marzo publica dous orixinais de A NOSA TERRA, nos que falamos do discurso de Cambó e da visita que nos teñen feito os nacionalistas catalás Sres. Carreras e Balcells.

Moito nos aleda a lectura de "L'Estevet" e satisfainos moito o interés que demostra pol-o nacionalismo galego.

"La crisis del regionalismo en Aragón".

Temos recibido un interesantísimo folleto titulado "La crisis del regionalismo en Aragón", do que é autor o entusiasta aragonesista D. Gaspar Torrente. Con fonda lelicia leimolo. Amóstranos o Sr. Torrente no seu folleto a idealidade do movemento nacionalista en Aragón e o seu estado actual.

Os nacionalistas galegos temos de ollar sempre con gran atención e con moito agarimo os movementos nacionalistas de todol-os pobos e máis aínda os dos pobos ibéricos. O nacionalismo en Aragón vai camiño de conquistar moitos triunfos pois conta nas súas filas cos homes de máis valer e aquelas van engrosando rápidamente. Vaia o noso aprauso e o noso alento para cantos vénense preocupando e loitando están pol-o rexurdimento do pobo aragonés.

O folleto de que falamos leva un prólogo moi interesante de D. Julio Calvo Alfaro. Recomendamos a lectura do folleto por ser unha real e fiel expresión do pensamento actual dos nacionalistas de Aragón.

"Catálogo de Vigo".—Agarimosamente adicado en galego pol-o seu editor Sr. Cao Moure, temos recibido o "Catálogo de Vigo", do que xá teñen falado cuase todol-os xornás de Galicia. Xá eles dixeron o exquisito gusto con que está imprentado, que honra verdadeiramente á "Editorial P. P. K. O."

Nós non temos máis que estar moi de conformidade con aquelas opinións.

O Sr. Cao propónse editar os catálogos das principais cidades de Galicia e xá está co da Cruña, que dende logo podemos asegurar que será unha cousa xurdia.

Fondamente reconocidos ao Sr. Cao pol-o seu obsequio.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

Resume da historia de Galicia

(Continuación)

Encomenzaron logo as persecucións en contra dos cristiáns, cos horrores e martirios, pero o cristianismo non se desvaía por eso; surxían novos convertidos, edificábanse templos, ordenábanse sacerdotes e consagrábanse bispos, non habendo cidade principal que non contase ún d'éstos, e Ourense, Tui, Iria (Padrón), Chaves, Lugo, Lambre e outras, gozaron d'este honor.

Foron os primeiros mártires do noso país San Epifanio, bispo de Tui, San Crispulo, San Restituto e outros moitos que sucumbiron dende o ano 85 ao 95, baixo o imperio de Domiciano; e máis tarde correron a mesma sorte San Marcelo, Santa Eufemia, Santa Mariña e San Domicio. Por fin triunfou a fé católica co'a conversión de Constantino, a quen se atribúe a fundación da irexa parroquial de San Martiño de Tiobre, ao igual que a creación da provincia galega co'a capitalidade en Brigancia (Betanzos) no ano 330.

LIBRO SEGUNDO

O imperio romao morría e aínda que Teodosio, nado no

noso país, o restaurou un pouco, o Ceo tiña decretado que os bárbaros o arrematasen. Descendas rexións do xelo, inundan Francia e Italia, saquean a cidade Eterna e o 4 de Outono do 411, suevos, vándalos e alanos saen dos Pireneos e desparrámanse pol-a Iberia, chegando os suevos a Galicia, onde despois de combates e de tratos fundan unha poderosa monarquía, a primeira do ocidente, baixo o cetro de Hermenerico I, a quen foron sucedendo Hermengario, Hermenerico II e Requila qu eensanchou o seu territorio conquistando Mérida, Lusitania e Sevilla (414), facendo corte da primeira; morre n'ela o 448 e sucédelle Riciario que, deseoso de reconquistar as terras que conquistara Requila e devolvera despois aos romanos, toma Sevilla, derrotando e matando ao conde Censorio; invade as Vasconias e a rexión cesar-augustana e torna aos seus estados trunfante. Volve á campaña en contra dos hunnos e axuda a derrotar a Atila nos campos catalánnicos. Da volta a Galicia e atopa o seu reino no maior apoxeo.

FLORENCIO VAAMONDE.

(Seguirase).

Lea vostede o próximo número de A NOSA TERRA

Fábrica de Xergóns e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran. e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERIA — PAPELERIA
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— **A CRUNA** —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa cras que máis honran a Galicia. Montada co' arreglo aos derradeiros adelantos.

Paulino Freire BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros. Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Filios de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIÁ AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA